

COMUNICADO ÁS FAMILIAS DO CEIP ESCULTOR ACUÑA

Luns, 2 de novembro de 2020

Prezadas Familias:

No desexo, dende todo o equipo educativo, que desfrutedes dunha boa saúde física e emocional na complexidade dos actuais momentos e enviando enormes apertas afectivas, remitimos un comunicado con información básica da organización do curso:

1. Peche perimetral da cidade de Vigo

Como ben sabedes, este fin de semana está en vigor un **peche perimetral** das sete grandes cidades de Galicia. Se tedes a vosa residencia fóra de Vigo e necesidades unha xustificación para o desprazamento ao noso centro educativo, pregamos contactedes connosco na secretaría do centro (886 120 1115 Esther) ou no correo do centro ceip.escultor.acunha@edu.xunta.gal.

2. Inicio do Servizo do Comedor

O **mércores, día 4 de novembro**, está prevista a reactivación do servizo de comedor. A ANPA ten traballado moito para poder facelo efectivo conforme o Protocolo de Comedores Escolares da Consellería de Educación. Dende a ANPA están remitindo información básica e contactos telefónicos para trasladar as condicións do servizo. Dende o centro, pregamos a máxima colaboración coa ANPA e o equipo de monitoras da empresa Arume para o estrito cumprimento dos horarios e normativa de recollida, comunicación de ausencias ao comedor e recollidas de alumnado en caso de posible sintomatoloxía COVID19. Nesta situación excepcional é moi importante colaborar para acadar o máximo nivel de prevención e organización colectiva.

3. Aula Virtual e Correo en Google Suitte

A nosa Aula Virtual xa está en marcha. Nas últimas semanas estamos a reactivar a todo o alumnado que esquecera usuario e contrasinal. Dende a plataforma Abalarmobil estamos a reenviar os datos de usuario e unha contrasinal xenérica, de ser o caso. De ter problemas no acceso co usuario e contrasinal, contactade coas persoas titoras. En breve recibiredes o usuario, contrasinal e un pequeno manual para utilizar o noso dominio de **correo do centro** que complementará a comunicación entre equipo docente e alumnado.

4. Presentación multimedia das titorías

Non sendo posibles as reunións titoriais de inicio de curso, publicamos na nosa web e na aula virtual unha **presentación titorial** cos datos máis relevante da organización de cada curso educativo. Pregamos ler estas propostas e contactar co equipo docente en caso de dúbida.

5. Reunións das familias coas persoas titoras e titorías individuais

As **titorías de carácter individual** serán telefónicas agás en casuísticas extraordinarias. As titorías programarán e darán a coñecer ás familias de cada grupo a data e hora da súa entrevista.

Finalmente...

con moita ilusión, confianza e responsabilidade colectiva seguimos, todos xuntos, facendo da escola un lugar feliz, seguro e de experiencias sociais irrepitibles

-O Equipo Educativo do CEIP Escultor Acuña-